



En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade sobre o *Anteproxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017*, con base nas seguintes consideracións:

I.- Competencia.

A Comunidade Autónoma galega dispón das competencias para a elaboración e aprobación da presente norma en base aos artigos 27 e 30 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

A elaboración do anteproxecto de lei foi realizada pola Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, de conformidade co artigo 20.1. do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería.

No ámbito da Administración autonómica resta que a Consellería de Facenda someta ó Consello da Xunta o mencionado anteproxecto de lei, para que, trala súa aprobación, sexa remitido ó Parlamento galego para a súa tramitación e aprobación final, de acordo co artigo 10.1.a) do Estatuto de Autonomía para Galicia.

II.- Contido.

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, establece o importe dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común. Asimesmo, consigna a contía definitiva da participación das comunidades no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) adicado a corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais.

En virtude do sinalado, a Comunidade Autónoma de Galicia ten asignadas para o ano 2017 unhas entregas a conta correspondentes aos rendementos do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), do imposto sobre o valor engadido (IVE), dos impostos especiais (IIEE), das transferencias do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global e unha liquidación do sistema de financiamento correspondente ao ano 2015, que no seu conxunto superan en 218.258.179 euros as previsións contempladas no estado de ingresos da Lei



1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Pola contra, o FCI asignado á nosa comunidade autónoma no Comité de Investimentos Públicos foi de 44.343.360 euros, inferior por tanto en 1.632.852 euros ao recollido nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Por outra banda, na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 adoptouse por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentencia do TC 9/2017, de 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración Xeral do Estado e polas comunidades autónomas. Para posibilitar o desenvolvemento do devandito acordo a Orde SSI/596/2017, do 23 de xuño publica o Acordo do Consello de Ministros desa mesma data no que se prevé a correspondente transferencia de fondos finalistas.

Estes recursos adicionais son os que financian as actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social contempladas no articulado da presente lei, que implican unha modificación do articulado da Lei 1/2017, de 8 de febreiro.

III.- Tramitación e conclusión.

O anteproxecto de lei conta cunha resolución de inicio do expediente, unha memoria xustificativa e económica, o informe da Asesoría Xurídica Xeral e o informe de impacto de xénero, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

De acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o anteproxecto de lei de referencia por estimar que queda garantida a legalidade da disposición.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro